# *Echium vulgare* L., 1753

- borraxe, lingua de boi, borraxón, soaxe, viboreira
- viborera, lengua de buey
- eugegorri-belarra, sugegorri belarra
- llengua de bou, llengua de llebre, buglossa, viperina, cul de porc
- viper's bugloss, blueweed
- viperina




**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

Sen avaliar

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Lamiales** | **Boraginaceae** | ***Echium*** |

## ORIXE

Europa e Asia occidental e central.

## CARACTERÍSTICAS

Planta anual a perenne, erecta, de ata 100 cm, con 1 ou varios talos floríferos que xorden dunha mouta basal de follas de ata 30 x 2-4 cm, elípticas e lanceoladas, pecioladas, con pilosidade adpresa. As caulinas superiores aparecen sésiles, estreitamente elípticas a oblanceoladas. As flores, con cáliz de 5-7 mm en corola azulada-violácea de 10-21 mm, aparecen sobre brácteas lanceoladas ou linear-lanceoladas do longo dos cálices, e levan 4-5 estames sobresaíndo.

## HÁBITAT

Lugares secos, solleiros e alterados polo home, como bordos de camiños, campos de cultivo abandonados, cunetas e terrapléns, sobre solos ricos en nutrientes e a miúdo nitrificados. Dende o nivel do mar ata altitudes considerables (2200 m).

## DISTRIBUCIÓN

É nativa de Europa e Asia, pero naturalizouse globalmente en rexións temperadas como América do Norte, América do Sur e Nova Zelandia.

## CURIOSIDADES

A planta contén un alcaloide chamado equiína que é tóxico para o fígado ao consumirse en grandes cantidades ou durante longos períodos. En cambio, na antigüidade utilizábase con fins medicinais, como antiinflamatorio, para tratar a bronquite, os enfisemas, e como diurético.